


Faro *da* Cultura

Cartel soviético de propaganda de motocicletas (anos 30 do século XX).
Abaixo: conxunto escultórico no Grūtas Parkas (Druskininkai, Lituania);
o ensaísta e profesor italiano Gian Piero Piretto.



Un dos paradoxos –tal vez o máis evidente– dos réximes comunistas é que, lonxe de representaren un modelo efectivo de xustiza igualitaria, constituíron –e aínda constitúen: China, Cuba, Corea do Norte– a máxima expresión do nacionalismo. Por iso, o Estado esixe uns súbditos obedientes e deshumanizados en nome do colectivo de clase.

Obviamente, cada sistema asume –nin que sexa por inercia– a idiosincrasia da súa poboación e, así, non atopamos os mesmos resultados na Cuba alegre e desenfadada, tropical e mestiza, ca naquela Rusia-URSS glacial, de extensas estepas e de habitantes historicamente gregarios (por seguir antes aos tsares ou aos popes, despois ao PCUS ou hoxe a un presidente macho alfa).

Partícipes, en tanto que europeos, da cultura rusa, podemos coñecer o réxime soviético, nacido en 1917 e, moi especialmente, desde a conformación stalinista en 1924 deica a súa caída en 1991. Unha vez negadas as experiencias de vangarda que acompañaron o triunfo dos soviets, o chamado realismo socialista pasou a ser a única estética admitida: coa asunción patriótica da guerra contra a Alemaña nazi, ese realis-

mo pasou a ser nacional. E nesa concepción –que negaba á poboación calquera risco individualista– apareceu, xeración tras xeración, un xeito de ser persoal que veu ser definida como homo sovieticus. Hai uns anos, a bielorrusa Svetlana Alexievich, Premio Nobel de Literatura (2015), publicou un volume de pequenos relatos sobre a vida cotiá na URSS, traducido en castelán como *El fin del Homo sovieticus*.

Agora, o italiano Gian Piero Piretto, profesor de cultura rusa na universidade de Milán, vén de publicar *Quando c'era l'URSS* (*Cando a URSS existía*), subtítulo como “70 anos de cultura soviética”. Cunha importante presenza de ilustracións da vida cotiá soviética (revistas, publicidade, obras de arte), Piretto analiza os obxectos e as circunstancias que, supostamente, tiñan que realizar aquel axioma stalinista

de que a poboación fose feliz. Desde o paternalismo de Iósif Stalin, os diversos pobos da URSS tiñan a obriga –case que teleolóxica– de seren felices en paralelo á mudanza que foi pasando daqueles adxectivos “revolucionario” e “bolxevique” dos tempos de Lenin a un neutro “soviético”, de maneira paralela a como se pasaba ao novo “byt”, á nova cotidianidade.

Unha estética omnipresente en fábricas, escolas, locais sociais, que facían daquela Stalinlandia fantástica a versión totalitaria da felicidade fácil da Disneylandia norteamericana.

Desde aquel modelo de “coros e danzas” de exaltación da vida campesiña ata a suposta alegría dos obreiros tras xornadas extenuantes e salarios de miseria, todo constituía un “kitsch totalitario” que en palabras de Piretti, ben poderíamos considerar un “entroido stalinista”.
Todo, sempre, baixo o

dominio do terror político que facía demo-hoxe de quen onte era anxo: o Partido era o depositario da intelixencia e do saber, e ir contra el e os seus comisarios era facelo contra a patria soviética. Unha represión capaz de negar a modernidade artística e de canonizar persoeiros do pasado, como Puxkin. Ou cambios estéticos condicionados polo devir histórico, como o comezo da invasión da URSS por tropas do III Reich: mudaron as formas de emitir por radio e mais a retórica de Stalin; o réxime soviético, na súa “repatriación”, pasou a ollar o pasado, incluída a Igrexa ortodoxa.

Coa vitoria en 1945, Stalin foi cada vez menos home –di Piretto– e máis figura sacralizada como consecuencia das súas paranoias. Pero coa súa morte –e maila a desestalinización impulsada por Krushev– non mudou a existencia dese homo sovieticus. Pero cumpría abrir a URSS ao mundo e, asemade, era imposible poñer fronteiras á cultura chegada de Occidente (especialmente a música) mediante os sistemas máis inverosímiles. Por primeira vez –e da man de membros do Konsomol, as mocidades comunistas– aparecía o concepto de opinión pública.

A fin do Homo Sovieticus

Na xeira de Stalinlandia

JOAQUIM VENTURA

ARTE: CABODANO E FOTOGRAFÍA
EN AFUNDACIÓN / PÁX. III

ENTREVISTA CO MÚSICO XOSÉ
MANUEL BUDIÑO / PÁX. V

LITERATURA: LETRAS DE AMOR
PARA SAN VALENTÍN / PÁX. VII